

EXERCICIOS DE AUTOAVALIACION

1. Por que se di que as linguas teñen unha función social?
2. Dúas linguas que comparten territorio , en que situación viven: de bilingüismo ou de diglosia? Explica a resposta.
3. Cales son os estereotipos e os prexuízos lingüísticos dos galegos?
4. Foi o proceso de normativización sempre un proceso pacífico?
5. Cita algunhas interferencias do castelán no galego e enumera os diferencialismos (desviacións da norma).
6. En que se diferencia unha lingua minorizada dunha minoritaria?
7. Podemos dicir que o galego ten normalizado o seu uso hoxe en día?

Solucións:

1. Porque as linguas nacen como materialización da capacidade que os individuos teñen para comunicarse e os individuos viven en sociedade, tendo que trasladar información duns a outros. Esa transferencia faise por medio dun sistema que ten que posuír características comúns que permitan a todos os individuos codificar e descodificar mensaxes. Só así se poderá manter unha relación de comunicación entre os diversos individuos dun colectivo, dun grupo, dunha sociedade.
2. De diglosia. Porque o bilingüismo afecta aos individuos pero non ás sociedades; son os individuos os que poden ser bilingües, trilingües, multilingües, segundo que dominen dous, tres ou moitos idiomas, pero un territorio non é bilingüe. Ademais dúas linguas nun mesmo territorio tenderán sempre a especializar o seu uso, dando lugar a unha situación de desequilibrio, de desigualdade, entre elas. Esta situación defínese como de diglosia, concepto que define unha situación de conflito.
3. Os galegos durante moito tempo pensaron que o castelán era unha lingua de máis prestixio que a galega, sobre todo no rural, porque era a lingua do ensino e a falada polas xentes da clase alta. Isto fíxoos pensar que o galego debía limitar os seus usos a situacións informais e mesmo cando os interlocutores eran os familiares ou veciños, mentres que o castelán era a lingua das situacións formais, dos libros e mesmo a máis adecuada para falar cos individuos da clase alta ou con descoñecidos.
4. Non sempre. Primeiro houbo un certo enfrontamento entre a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega e despois este enfrontamento acabou derivando cara unha guerra entre lusistas / reintegracionistas e nacionalistas / isolacionistas. Con este enfrontamento acabou a Xunta e o Parlamento cando lles encargou elaborar unhas Normas comúns que despois se converteron en Lei. É así como aparecen as *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*.

5. Algunhas interferencias poden ser:

No plano fónico, a falta de diferenciación entre vogais medias tónicas abertas e pechadas, e, sobre todo, algunhas grafías, quizais a gheada e algunhas adaptacións fonéticas resultado de castelanismos léxicos.

No plano morfolóxico: a alteración do xénero dalgúns substantivos, o uso dunha forma de artigo determinado feminino “o” diante de substantivos femininos empezados por (a) tónica, a utilización de TE por CHE, fóra das zonas teístas, o uso das formas pronominais de suxeito en vez das de complemento con preposición despois da partícula comparativa, ou das preposicións *onda* e *canda*, a neutralización entre LLE e LLES en favor de LLE, é dicir, a indistinción entre singular e plural, o lleísmo, uso de LLE, LLES (CI) por o, os (CD). os plurais dos demostrativos ESTOS, ESOS, AQUELOS en vez de ESTES, ESES, AQUELES, o uso dun plural *QUENES do relativo e interrogativo QUEN, o uso das formas apocopadas PRIMER /PRIMEIR, TERCER /TERCEIR, CALQUER en vez de *primeiro*, *terceiro*, *calquera*, o uso de ALGÚN /-HA en vez de NINGÚN /-HA, o uso de tempos compostos con *haber*, o uso de formas verbais castelás ou adaptadas do castelán irregulares polas formas regulares galegas, o uso de formas castelás en vez das galegas en verbos irregulares, os usos reflexivos estraños ao galego.

No plano sintáctico o uso do Dativo Ético (DE), a ausencia de artigo determinado diante de determinante posesivo, a incorrecta colocación do pronome átono, o uso da preposición A con CD de persoas, uso de perífrases IR+A+Inf. En vez de IR+Inf.

No plano léxico os castelanismos.

Os diferencialismos ou desviacións da norma máis habituais son: os lusismos, os arcaísmos, os dialectalismos, os vulgarismos, os hiperenxebrismos.

6. Unha lingua minorizada é aquela que nunha situación de conflito ou diglosia cede prestixio a unha lingua allea, polo tanto, para os falantes, ten un uso limitado. Lingua minoritaria é aquela que nunha comunidade na que comparte espazo con outra, ten menos número de falantes. O galego é lingua maioritaria en Galicia pero está minorizada polo castelán.

7. A resposta a esta pregunta debe facerse tendo en conta o momento. En 2009 podemos dicir que non, porque se mantén a situación diglósica. Só a conciencia de todos e cada un dos galegos pode lograr a total normalización da lingua.